



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 3/06/2021, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

##### PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

##### CONCELLEIROS

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)  
INSUA ESMORIS-RECAMAN, Santiago (PP)  
BENLLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)  
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)  
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)  
MARIÑO LOPEZ, M<sup>a</sup>. Rocio (PSOE)  
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)  
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

##### SECRETARIO-ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 19:00 horas, do día 3/06/2021, reúnen-se no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria do Pleno da Corporación en primeira convocatoria, coa seguinte:

#### ORDE DO DÍA

- 1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2º) MODIFICACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE FISTERRA E A AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA PARA A MUTACIÓN DEMANIAL A FAVOR DO CONCELLO DE FISTERRA, DA ESTRADA DE ACCESO AO FARO.
- 3º) MOCIÓNS DE GRUPOS POLITICOS.
- 4º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

#### 1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE,

#### DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Concelleiro do grupo Popular Daniel Juan Benlloch Rivas, quere deixar constancia que o grupo Popular non asistiu a esa sesión do pleno da corporación polos motivos que constan no escrito que presentaron co número 783 (RE) de 22/04/2021.

Sometida a votación a acta da sesión ordinaria do pleno da corporación de 22/04/2021, é aprobada por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BN) e cinco abstencións do grupo Popular.

#### 2º) MODIFICACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE FISERRA E A AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA, PARA A MUTACIÓN DEMANIAL A FAVOR DO CONCELLO DE FISTERRA, DA ESTRADA DE ACCESO AO FARO.

O Sr. Alcalde-Presidente manifesta que recibiu un novo borrador Convenio entre o concello de Fisterra e a Autoridade Portuaria da Coruña, para establecer as actuacións previas á mutación demanial a favor deste concello da estrada de acceso ao faro de Fisterra, que ten o seguinte contido:

#### **“CONVENIO ENTRE EL AYUNTAMIENTO DE FISTERRA Y LA AUTORIDAD PORTUARIA DE A CORUÑA PARA ESTABLECER LAS ACTUACIONES PREVIAS A LA MUTACIÓN DEMANIAL A DICHO AYUNTAMIENTO DE LA CARRETERA DE ACCESO AL FARO DE FISTERRA**

En A Coruña, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

#### **REUNIDOS:**

*De una parte, la Autoridad Portuaria de A Coruña, con CIF Q-1567003-G, domicilio social en A Coruña, Avda. de la Marina nº 3, y en su nombre y representación D. Enrique Losada Rodríguez, Presidente, designado por Orden de la Consellería del Mar de la Xunta de Galicia de 22 de abril de 2009, BOE núm. 142 de 12 de junio de 2009, y de acuerdo con las funciones que tiene encomendadas por el artículo 31.2.a) de T.R. de la Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante, aprobado por RDL 2/2011.*



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

*Y, de otra parte, el Ayuntamiento de Fisterra (A Coruña), con CIF P-1503800-C, domicilio social en Rúa Santa Catalina nº 1, y en su nombre y representación D. José Marcote Suárez, en calidad de Alcalde, como consecuencia de su elección en la sesión constitutiva de la nueva Corporación Municipal el día 15 de junio de 2019.*

*Ambas partes declaran y así se reconocen mutuamente la capacidad legal suficiente para la firma de este Convenio.*

### **EXPONEN:**

#### **PRIMERO.**

*La Autoridad Portuaria de A Coruña es titular del vial de acceso a las instalaciones de señales marítimas del Faro de Fisterra, el cual de acuerdo con lo establecido en el artículo 67 del R.D. Legislativo 2/2011, pertenece a dominio público portuario estatal.*

#### **SEGUNDO.**

*El citado vial discurre por el municipio de Fisterra en su totalidad, en la provincia de A Coruña.*

*El vial tiene su inicio en el cruce de la Calle Manuel Lago Pais y la AC-445.*

*La longitud del vial es de 2.701,70 M, con ancho de la calzada variable entre 7,00 y 9,40 metros, aproximadamente.*

*En el ANEXO I se incluyen planos descriptivos del vial.*

#### **TERCERO.**

*Dicho vial tenía originariamente la consideración de camino de servicio para el acceso a las instalaciones de señales marítimas del Puerto de A Coruña, sin embargo, el uso actual por aparte del personal de la Autoridad Portuaria de A Coruña, es puntual y vinculado a las labores de mantenimiento necesarias para el funcionamiento de la señal marítima.*

*Sin embargo, dicho vial discurre en parte por el núcleo urbano de Fisterra, y en gran medida es utilizado por los turistas y peregrinos del Camino de Santiago que visitan el Faro.*

#### **CUARTO.**

*De acuerdo con la nueva redacción de la Ley 7/1985 de 2 de abril Reguladora de las Bases de Régimen Local, dada por la Ley 27/2013 de 27 de diciembre, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local, el Ayuntamiento de Fisterra, tiene dentro de sus competencias propias, la infraestructura viaria y otros equipamientos de su titularidad, así como el tráfico, estacionamiento de vehículos y movilidad.*

#### **QUINTO.**

*A fecha actual, existe una demanda municipal y vecinal de mutación demanial del vial vinculado al importante uso turístico de esta infraestructura, el cual va más allá de la competencia de la Autoridad Portuaria de A Coruña, teniendo en cuenta el fin de esta infraestructura, como vial de servicio de acceso a la señal marítima.*

*Por ello, ambas partes consideran adecuado que se realice una mutación demanial, y, por tanto, la gestión y mantenimiento del vial debería corresponder al Ayuntamiento de Fisterra, para adecuar su explotación al uso que actualmente tiene el vial, siendo la Autoridad Portuaria*



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

de A Coruña un usuario más de la misma, incorporándolo de esta forma a la red viaria municipal.

### **SEXTO.**

El presente convenio se encuadra dentro de los establecidos en el artículo 47.2.a) de la Ley 40/2015, de 1 de diciembre, de Régimen Jurídico del Sector Público, y que supone una mejora de la eficiencia de la gestión pública, a realizar una mutación demanial del vial de acceso al Faro de Fisterra a un organismo que tiene ésta dentro de sus competencias propias, lo que supondrá un mejor servicio para los ciudadanos usuarios de dicha carretera.

### **SÉPTIMO.**

El presente Convenio ha sido aprobado por acuerdo del Consejo de Administración de la Autoridad Portuaria de A Coruña en sesión celebra el 21 de diciembre de 2018 y por Pleno del Ayuntamiento de Fisterra celebrado el día 3/06/2021.

**Y por todo lo anterior, ambas partes ACUERDAN:**

#### **PRIMERO:**

El objeto de este Convenio es el desarrollo de las actuaciones necesarias previas a la mutación demanial del **VIAL DE ACCESO AL FARO DE FISTERRA**, definido en el ANEXO I del presente Convenio, por parte de la Autoridad Portuaria de A Coruña en favor del Ayuntamiento de Fisterra, para su incorporación a la red viaria municipal.

#### **SEGUNDO.**

El Ayuntamiento de Fisterra asumirá a partir del día siguiente de la firma del presente Convenio la explotación, mantenimiento y conservación del **VIAL DE ACCESO AL FARO DE FISTERRA**, hasta que sea efectiva la mutación demanial, quedando la Autoridad Portuaria exenta de cualquier otro gasto o responsabilidad sobre el referido vial.

La explotación, mantenimiento y conservación de vial se refiere tanto a la infraestructura viaria como a la señalización vertical y horizontal del mismo, y comprenderá todas las actuaciones necesarias tanto preventivas como correctivas para mantener unas condiciones de circulación adecuadas de acuerdo con la normativa vigente y de acuerdo con los procedimientos y prácticas del propio Ayuntamiento respecto a la red viaria de su titularidad, quedando el vial sujeto a las mismas condiciones que el resto de viales de dicha red.

#### **TERCERO.**

La Autoridad Portuaria de A Coruña tramitará, de conformidad con lo establecido en los artículos 71 y siguientes de la Ley 33/2033, de 3 de noviembre, del Patrimonio de las Administraciones públicas, y normas de desarrollo, el oportuno expediente de mutación demanial del vial de acceso al Faro de Fisterra definido en el ANEXO I del presente Convenio, una vez suscrito el presente convenio.

#### **CUARTO.**

Acordada la mutación demanial del vial por el Ministerio de Hacienda, y previos los trámites oportunos, se procederá a hacerla efectiva a favor del Ayuntamiento de Fisterra.

Para el perfeccionamiento de este hecho, se firmará la correspondiente acta de entrega y recepción entre ambas partes, Autoridad Portuaria de A Coruña y Ayuntamiento de Fisterra, como refrendo del acuerdo de la mutación demanial al Ayuntamiento.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

*El Ayuntamiento de Fisterra se compromete a realizar todas aquellas gestiones necesarias para la mutación demanial del vial objeto de este Convenio ante otras instituciones o registros públicos, una vez sea efectiva la mutación demanial, en caso de que así lo exija la normativa vigente.*

*Sin perjuicio de la mutación demanial del vial, el Ayuntamiento de Fisterra garantiza de manera indefinida, en todo momento y de forma gratuita el acceso de los vehículos de servicio de sistemas de ayudas a la navegación de la Autoridad Portuaria de A Coruña, vinculados estrictamente a las labores que le son propias respecto al Faro de Fisterra.*

### **QUINTO.**

*El presente Convenio, una vez firmado, producirá efectos una vez inscrito en el Registro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación del Sector Público Estatal y publicado en el Boletín Oficial del Estado y tendrá una vigencia de cuatro años.*

*Ambas partes acuerdan, al amparo del o establecido en el artículo 49.h.2º de la Ley 40/2015, que, en el caso de que, transcurrido el plazo inicial de cuatro años, no se hubiese podido formalizar la mutación demanial de acuerdo con lo recogido en las cláusulas anteriores, podrá acordarse por las partes, de mutuo acuerdo, una prórroga por un nuevo período de hasta cuatro años, de forma expresa y antes de la finalización del periodo inicial de vigencia.*

*El Convenio se extinguirá anticipadamente en el momento en el que se formalice la mutación demanial del vial por parte de la Autoridad Portuaria de A Coruña a favor del Ayuntamiento de Fisterra conforme lo recogido en el acuerdo cuarto.*

### **SEXTO.**

*Con la finalidad de dar seguimiento a la ejecución de este Convenio se crea una comisión mixta de seguimiento y control, integrada por dos (2) representantes de cada una de las entidades firmantes.*

*Esta Comisión resolverá las dudas relativas a la interpretación y cumplimiento del Convenio.*

*Las partes se comprometen a resolver de manera amistosa cualquier desacuerdo que pueda surgir en el desarrollo del Convenio.*

### **SÉPTIMO.**

*El presente Convenio contiene todos los compromisos y declaraciones de las Partes en relación a su objeto. Los Anexos y Exponendos del presente Convenio forman parte integrante del mismo.*

### **OCTAVO.**

*Cualquier modificación del presente Convenio deberá ser adoptada por escrito para tener eficacia jurídica y ser firmada por los representantes legales de ambas partes.*

### **NOVENO.**

*El presente Convenio se extinguirá por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.*

*Son causas de resolución las siguientes:*



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- a) *El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.*
- b) *El acuerdo unánime de los firmantes.*
- c) *El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.*

*En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que se cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado, asimismo, a la Comisión Mixta.*

*Si transcurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a la otra firmante la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.*

d) *Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.*

e) *Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en las leyes.*

### **DÉCIMO.**

*Este Convenio tiene naturaleza administrativa y se regirá por lo establecido en el capítulo VI del Título Preliminar de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público. Para resolver las dudas y lagunas que pudieran suscitarse en su aplicación se estará a los principios de Derecho Administrativo, así como, en defecto de los anteriores, a los generales del derecho común.*

*Para lo no previsto en el presente Convenio, será de aplicación la normativa vigente en cada momento. Para la resolución de cualesquiera cuestiones litigiosas que se originen en relación con el presente Convenio, y que no pudieran resolverse de forma amistosa en el seno de la Comisión, las Partes se someten a la competencia de los tribunales contencioso-administrativos de A Coruña. Y para que conste, se firma el presente documento en dos (2) ejemplares y a un solo efecto, en la ciudad y fecha indicados en el encabezamiento.*

*Por la Autoridad Portuaria de A Coruña*

*Por el Ayuntamiento de Fisterra*

*D. Enrique Losada Rodríguez*

*D. José Marcote Suárez*

### **3º) MOCIÓN DE GRUPOS POLITICOS**

#### **3.1) MOCION SOBRE A RETIRADA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO AO PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA.**

Dada conta da moción presentada polo tenente de alcalde Xan Carlos Sar Oliveira (BNG), co contido que de seguido se indica:

#### **“Exposición de motivos:**

O Estatuto de Autonomía de Galiza, no seu Título II, artigo 27, establece as competencias exclusivas da propia administración autonómica en distintas materias e, no punto 15, recolle “A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre”.

No exercicio desas competencias exclusivas, o Parlamento galego aprobou a Lei 11/2008, de 11 de decembro, da pesca de Galicia. Esta Lei establece unha serie de medidas dirixidas á conservación, á xestión e á explotación responsábel, racional e sustentábel dos recursos



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

mariños, nomeadamente os plans de xestión, definidos como normas reguladoras da actividade pesqueira e marisqueira.

Os plans de xestión marisqueira comezaron a desenvolverse normativamente en 1993 e na actualidade réxense polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas. Nos plans de xestión teñen participación as confrarías e agrupacións do sector, que son, entre outros, os traballos para a mellora da extracción e produción, os topes de captura por mariscador/a e por día, as especies que se van a extraer, os métodos de extracción, os puntos de control, as formas de comercialización, etc.

Así pois, hai case 30 anos que a explotación dos recursos marisqueiros de Galiza se vén organizando a través de plans de explotación anuais, agás neste momento no que a Orde da Consellería do Mar do 21 de decembro de 2020 os aprobou para o trienio 2021-23. E, dende aquela, son as regras que ditan a explotación dos recursos marisqueiros ao longo de toda a nosa costa e que suman na actualidade un total de 94, repartidos entre 52 de marisqueo a pé, 35 a frote e 7 mixtos.

Deste xeito, estamos diante da regulación da actividade que ocupa directamente a máis de 8.000 persoas en Galiza, que ten unha extraordinaria importancia económica e social e que, por primeira vez dende que existe, vén de ser recorrida polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico co argumento de que necesita, para ser aprobada, un informe preceptivo da propia Administración estatal.

Sen dúbida é unha interpretación errada da Lei 22/1998, de 28 de xullo, de Costas, que se refire á necesidade de conseguir informe no caso de que se declaren zonas de interese para cultivos mariños, concesións e autorizacións. Non en tanto, a través dos plans de explotación marisqueira non se outorgou concesións senón que se regula unha actividade que é competencia exclusiva da Administración galega á que nunca, ata o de agora, se lle exixiron ese tipo de informes.

O Ministerio de Transición Ecolóxica dá así un novo paso que vai moito máis alá da afectación ao sector do mar, vai en contra dos intereses de todo un país pesqueiro, supón unha clara falla de respecto ao marco competencial vixente e, en definitiva, ilustra nítidamente a necesidade de Galiza de blindar un dano absolutamente irreparable.

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate a aprobación polo Pleno esta moción, propondo dos seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Goberno do Estado á retirada inmediata do recurso contencioso-administrativo interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico contra a Orde do 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o trienio 2021-2023.

2. Instar á Xunta de Galiza á activación da Comisión de Transferencias co obxecto de iniciar o procedemento para o traspaso das competencias pendentes a Galiza, nomeadamente e tal e como se acordou polo pleno do Parlamento Galego no mes de marzo, a xestión do dominio marítimo-terrestre e a ordenación do sector pesqueiro e de investigación oceanográfica.

- Intervén o Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE), manifestando que entende que a competencia debería ser autonómica e o Estado non debería intervir nesta cuestión.

- Intervén o Voceiro do grupo Popular, José Manuel Traba Fernández, manifestando que van apoiar a moción.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Seguidamente, sometida a votación e aprobada por unanimidade dos asistentes.

### 3.2) MOCIÓN SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS

Dada conta da moción presentada polo tenente de alcalde Xan Carlos Sar Oliveira (BNG) co contido que de seguido se indica:

#### Exposición de motivos:

O Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que x afora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana a raíz de dúas decisións:

- O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custe para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

- A suspensión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custe de 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifesta unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación de rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adaptación dos seguintes ACORDOS:

1- Amosar a rotunda oposición do Concello de ... á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

2- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Goberno español, nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana, así como, aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.

- Intervén o Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE), manifestando que a encontra a moción precipitada e extemporánea. Non sabemos o que vai pasar ao final e aproveito a adiantar o noso voto en contra.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- Intervén o Voceiro do grupo Popular, José Manuel Traba Fernández, manifestando que se van abster, xa que se trata dun futurible.

Seguidamente, sometida a votación e rexeitada por catro votos en contra (PSOE), dous votos a favor (BNG) e cinco abstencións (PP).

### **3.3) Moción en defensa dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.**

Dada conta da moción presentada polo tenente de alcalde Xan Carlos Sar Oliveira (BNG) co contido que de seguido se indica:

#### **Exposición de motivos:**

Galiza sofre hoxe un boom eólico sen precedentes. As grandes empresas do oligopolio eléctrico e os gobernos da Xunta e do Estado están a aproveitar a necesidade de desenvolver unha transición enerxética que abandone enerxías fósiles para repetir a historia: facer que Galiza sexa unha ran produtora de enerxía sen capacidade decisión, cun modelo espoliador e depredador deseñado ás nosas costas e o servizo das grandes empresas, sen participación social e sen garantías de protección medioambiental nin de que o beneficio económico obtido sexa empregado para reverter na xeración de riqueza no noso país.

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do “verde” asistimos a un lavado de cara dirixido polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e agora tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen consenso coa sociedade dos ligares afectados e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares, converténdose en parte activa dos problemas que se están a dar ao favorecer un modelo depredador. É necesario apostar polas enerxías renovábeis, pero hai que ter en conta que non por ser renovábeis son inocuas e que tamén deben avaliarse os seus impactos.

Nos últimos anos, cunha forte oposición social, o goberno galego aprobaba a coñecida como “lei de depredación” (Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza) e máis recentemente, coa coartada da covid-19 seguía o camiño de desregulación e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica. Así mesmo, isto acontece despois de que o Partido Popular bloqueara durante os seus gobernos a ampliación da protección de espazos que hoxe deberán estar blindados pola súa importancia para a preservación da biodiversidade e a loita contra a crise climática.

Ademais, isto acontece nun momento de crise industrial onde curiosamente ao mesmo tempo que Galiza bate récords de xeración eólica bate tamén récords de desmantelado industrial. Non só non hai vinculación desta expansión a proxectos industriais, senón que vemos como empresas vinculadas á fabricación de compoñentes pechan ou son deslocalizadas, como Isowat ou Siemens Gamesa.





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Aínda que Galiza nunca antes xerou tanta enerxía eólica (no 2020 foi a segunda comunidade do Estado) e seguimos exportando enerxía eléctrica para outros territorios, non obtemos un retorno xusto que compense o impacto social e ambiental. O noso papel xerador ten que traducirse nun vector de crecemento e desenvolvemento económico no lugar de empobrecernos como fai este modelo absolutamente espoliador. É necesario un cambio de modelo que defenda a participación pública no sector, a través dunha empresa pública galega de enerxía e da participación da Xunta, de Concellos e de colectivos como asociación veciñais ou comunidades de montes. Así mesmo, Galiza debe ter dereito a decidir sobre como desenvolver a súa planificación enerxética.

Hoxe é un clamor social a corrección da antidemocrática falta de transparencia e información que existe e garantir mecanismos de participación para a sociedade galega. Por estes motivos, desde o BNG reclamamos un cambio de rumbo a prol dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

### **Por todo o exposto o pleno do concello acorda demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:**

1. Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociación veciñais, agrarias, exoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.
2. Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.
3. Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.
4. Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática. Singularmente:
  - a) Paralizar cauteladamente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente que estean situados nestas zonas.
  - b) Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto.
  - c) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de protección de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

5. Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:

- a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación, etc.) de forma clara e intuitiva.
- b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.
- c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.

- Intervén o Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE), manifestando que tamén ten unha moción cun contido similar, pero como non a ten estudiado en profundidade prefere non presentala, polo que adianta que se van abster.

- Intervén o concelleiro Daniel Juan Benlloch Rivas (PP), manifestando: eólicas non, nucleares non, carbón non. Entón de que maneira imos xenerar a enerxía? Aquí di que outro modelo é posible, pero non propoñe ningún modelo. Isto é como a paradoxa do contenedor de lixo, na miña porta non.

-Intervén o Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar (BNG) manifestando que vostede non leu a moción, xa que non di eólicos non; na moción están todas as nosas propostas para o plan eólico.

-Intervén o voceiro do grupo Popular manifestando que nesta moción mistura demasiadas cousas, é unha moción que non está nada clara a resolución que se propoñe, polo que van a votar en contra.

Seguidamente, sometida a votación e rexeitada por cinco votos en contra (PP), catro abstencións (PSOE) e dous votos a favor (BNG).

### **4º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA.**

Danse conta das resolucións que van do número 84 de 15/04/2021 ata a número 138 de 01/06/2021.

Intervén o voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández, que se enviaron mais de cen folios de mocións e non tiveron tempo material para estudialas. Unha vez estudias faremos as oportunas preguntas sobre o particular.

O pleno da corporación dase por enterado.

### **Fóra da orde do día, declarado de urxencia, ratificada a mesma por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco abstención (PP).**

Intervén o secretario-interventor accidental Juan Carlos Carril Pérez, para manifestar que se advertiron 2 erros na modificación de crédito na modalidade de crédito extraordinario 3/2021, no que toca coas altas en conceptos de gastos.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Onde di:

PROGR.	ECON.	DESCRIPCION	CREDITO INICIAL	CREDITO EXTRAORDINARIO	CREDITO FINAL
172	622.00	Aportación municipal instalación solar fotovoltaica para estación depuradora de residuos	0,00 €	13.650,00 €	13.650,00 €
331	609.00	Aportación municipal modificación restruturación mercado	0,00 €	140.797,71 €	140.797,41 €

Debe dicir:

PROGR.	ECON.	DESCRIPCION	CREDITO INICIAL	CREDITO EXTRAORDINARIO	CREDITO FINAL
172.0	622.00	Aportación municipal instalación solar fotovoltaica para estación depuradora de residuos	0,00 €	13.650,00 €	13.650,00 €
333	609.00	Aportación municipal modificación restruturación mercado	0,00 €	140.797,71 €	140.797,41 €

O pleno da corporación aproba a modificación por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco abstencións dos membros do grupo popular.

### 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

- O voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández, manifesta que o Paseo de Mar de Fóra, esta moi deteriorado e na zona que vai a Insua hai moita herba.

O Tenente de alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira (BNG) manifesta que non está deteriorado, pero para a semana xa entra o persoal contratado, e solucionaremos ese problema.

O Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE) manifesta que temos problema por baixas e xubilacións do persoal, pero en breve estará solucionado.

- O voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández, pregunta non hai socorristas para as praias este ano?

O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE) manifesta que en breve, o seguinte é o persoal do museo da pesca e despois socorristas, seguimos a orde das subvencións.

- O voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández, pregunta non se pediu a bandeira azul?.

O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE) contesta que non.

- O voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández, pregunta para cando teñen previsto os desbroces en San Salvador e en Castromiñan?

O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE) contesta que imos retrasados cos desbroces porque Juan está de baixa e tivemos que contratalos externamente.

O Tenente de alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira (BNG) manifesta que a pesares da baixa do persoal, coa contratación externa xa se ten realizado mais do 50 % do desbroce previsto.

- O voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández pregunta polo estado da rúa anexa ao campo de fútbol?



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE) manifesta que é un proxecto que está no POS complementario, e de momento temos previsto reparar provisionalmente.

- O voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández, manifesta que a baixada a San Roque desde o cruceiro, esta moi deteriorada.

O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE) manifesta que é unha das moitas vías que están deterioradas, pero imos a medida que podemos.

- O voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández, pregunta se este ano se van facer as zonas de aparcamento no faro e na igrexa?

O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE) manifesta que este ano non vai dar tempo.

- O voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández, pregunta se na zona do hotel Cabo Fisterra, as beirarrúas van quedar así, no aparcamento que se está a facer?

O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE) manifesta que se ten previsto facer obras nesa zona, polo que ao final, as beirarrúas que van quedar, van ser outras diferentes as actuais.

- O voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández, pregunta se se vai asinar o convenio para o pavillón polideportivo?

O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE) manifesta que non hai data, queda un documento e a parte que temos que poñer nós, hai que facer efectivo ese compromiso.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión sendo as 19:45 horas, do que, como secretario-accdtal, dou fe.